

## Xibraltar.

África a un lado, ao outro Europa, e alá a súa fronte o Penedo. Podería ter sido a canción dun pirata, pero o poeta mirou cara outro lado, malia que poucos lugares teñen xerado tantos mitos e lendas.

Xibraltar; Calpe, chamáronlle os romanos; onde case nada é o que parece. Terra no mar; mar de ninguén e de todos. Utrecht, un lugar lonxano e alleo, é a explicación do seu hoxe.

As monas teñense convertido nun dos principais atractivos da Rocha. Trouxéronas os británicos de África, quizais como mascotas; pero fascina a idea de que se movan dun continente a outro por túneis submarinos que nin sequera as mafias do Estreito conseguiron descubrir para facer menos arriscado o seu macabro negocio

A Rocha, rodeada de mar. ¿Mediterráneo aínda? ¿Xa Atlántico?

Augas que veñen e van sobre ferros cubertos de vida. mE animais que semellan flores, case caligráficos. mE branquias de poliqtetos que lembran bailarinas rusas. Os etéreos pólipos translúcidos, salpican fondos monocromáticos que, de súpeto, se transforman no arco da vella.

Se hai que atravesar o mar, que os barcos afundidos marquen o camiño, porque Hércules xa zarrou; pero ao separar os rochedos para deixar entrar as augas do océano, viu que máis aló non había senón tebras e caos, e deixou como marcos as suas columnas, Calpe e o seu espello Abila; Xibraltar e A Muller Morta. Columnas que advertían que aquel era o derradeiro lugar transitable da Terra.

Parecería que a esencia deste lugar fose a ambigüidade, tamén nas profundidades mariñas.

Restos minerais cubertos de ferruxe, que algunha vez foron o orgullo do seu armador e a gloria do seu capitán, agora —nobre misión— serven de verea para peixes, de refuxio para algas, de sosego para correntes e de patio de xogos para caranguexos: un, dous, tres, zapatiño quieto é.

Os peixes, sen embargo, prefiren a raiola: o ferro alfombrado de algas conforma unha fermosa cuadrícula amolecida e acolledora.

Gorgonias, crustáceos, equinodermos, moluscos... e peixes... infinidade de peixes que aquel Táriq que vislumbrou o Penedo —con máis desaforo que anhelos— nin sequera sospeitou. Nos seus soños bereberes non tiña lugar para as augas. Pero aquela montaña... era a súa montaña: Jabal Táriq<sup>1</sup>: Xibraltar

Desde Europa sempre se buscou o mar. Desde África sempre se quixo alcanzar terra, aquela terra da outra beira onde segundo as crónicas as pedras estaban salpicadas de rubís e das fontes manaban esmeraldas, aló, tras as dúas columnas coroadas con senllos faros de cobre e pedra construídos por Hércules.

Aristóteles, Herodoto, Masudi, Hércules, Don Julián, Táriq, nomes para unha historia case sagrada, confundida agora con transaccións prosaicas, verxas que se abren e se pechan, negocios máis ou menos confesables, dous continentes que se miran sen se ver, dous mares que se rozan sen se mesturar. O misterio de Xibraltar, que as fronteiras sempre son lugares incertos.

No mar, os peixes cruzan o Estreito cándos e cómo queren, e fan de Xibraltar non un penedo, senón unha ponte.